



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

1 / 2

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 07/12/2016 12:12:51

ENTRADA 31078 / RX 3155121



Sr. Secretario Xeral de Calidade e Avaliación
Ambiental
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas
Xunta de Galicia

ASUNTO: Consulta para formulación do informe de impacto ambiental do "Proxecto de adecuación, modernización, reforma e legalización de instalacións en explotación de cría de visóns" promovido por Matomba Mink Farm, SL. en Troitosende (A Baña, A Coruña), clave 2016/0058.

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

- Que segundo a Lei 21/2013 de avaliación ambiental:
 - O proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental simplificada pois está incluído nos supostos contemplados no artigo 7.2.b. da ao poder afectar de xeito apreciable, directa ou indirectamente, a espazos protexidos da Rede Natura 2000, pois a granxa atópase a 1,3 km do río Tambre, augas arriba da Zona de Especial Conservación ES1110016 Río Tambre.
 - Constitúe unha infracción grave o inicio da execución dun proxecto sometido a avaliación ambiental simplificada sen ter obtido previamente o informe de impacto ambiental (artigo 54.3.a).
 - As infraccións graves conlevan unha multa dende 24.001 a 240.400 euros (artigo 56.1.b).
- Que segundo a documentación recibida "En la actualidad existen construídas 11 naves de cría y una nave almacén que sirve de apoio para la explotación. Este proxecto objeto de estudio, inclúe la legalización de las 9 naves de cría que fueron construídas despoés de la concesión de la licencia".
- Que nas ortofotos dispoñibles na propia páxina web da Xunta de Galicia (<http://mapas.xunta.es/visores/basico/>) pódese ver que a granxa contaba con 4 naves en 2002-03, mentres que na ortofoto de 2014, extraordinariamente oportuna, vense as 4 naves vellas na parte leste da parcela e as obras de explanación en marcha no resto da parcela, coas soleiras de formigón recién feitas para outras 3 naves e coa maquinaria pesada traballando nas restantes. Xa que logo:
 - Alomenos dende 2002-03 a granxa estivo a traballar ("no ha cesado nunca su actividad") cunha capacidade (4 naves) que duplicaba a establecida na concesión da licencia (2 naves).
 - As obras de "segunda ampliación" da granxa dende 4 a 11 naves realizáronse antes de solicitar a licencia municipal ao Concello da Baña (06-02-2015) e con posterioridade a adquisición da "pequeña explotación de visones en el año 2.014" por parte de Matomba Mink Farm, SL, empresa constituída o 24-09-2013 cun capital de 3.100 euros, da que Petrus Gerardus Rajmakers Lambertus é administrador único e Marta María Blanco Vispo é apoderada.
- Que segundo a documentación recibida "El suministro de agua procede de un pozo existente en la parcela, sobre el cual se procederá a tramitar el correspondiente Registro en Aguas de Galicia".
- Que nun país da Unión Europea e en pleno século XXI resulta increíble, inaceptable e bochornoso:
 - Que durante anos esté en funcionamento unha granxa de visón americano (especie exótica extraordinariamente invasora e perigosa para a biodiversidade autóctona) co dobre da capacidade autorizada.
 - Que unha empresa constituída por un cidadán estranxeiro se "poña por monteira" toda a lexislación europea, española e galega de aplicación e constrúa 7 novas naves sen os informes e permisos preceptivos. Qué sucedería se un cidadán galego fixese o mesmo en Holanda?
Onde estaban e que fixeron durante todos estes anos o Concello da Baña e as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias e obrigas legais en materia de granxas, de auga e de medio ambiente?
Preguntas que tamén cabería facer ao SEPRONA e a Facenda.
- Que na documentación recibida non se indica o número de animais que se crían ou pretenden criar na



- granxa, que hai que deducir dos datos de animais que morren: se morren uns 600 animais en cada campaña e iso representa unha mortandade do 5% do total, cabe supoñer que a granxa ten unha capacidade para 12.000 visóns.
7. Que no proxecto non concorre ningunha das consideracións establecidas no Artigo 45.6 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.
 8. Que, dado o carácter extraordinariamente invasor e depredador do visón americano, é preciso extremar as medidas para evitar as afeccións do proxecto sobre especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Anexos II, IV e V da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e tamén nos veciños LIC, máxime cando a granxa sitúase a apenas 1,3 km do río Tambre.
 9. Que, por medio do seu vogal no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e no Observatorio Galego da Biodiversidade, SGHN ven reclamando insistentemente dende hai máis de 7 anos que as granxas de visóns americanos se consideren como instalacións de risco para a conservación da biodiversidade autóctona e estean obrigadas á adopción de fortes medidas de seguridade para evitar a saída de visóns vivos da granxa.
 10. Que o visón americano, incluído no "Catálogo español de especies invasoras exóticas" (RD. 630/2013), como consecuencia de escapes accidentais das granxas ou por "liberacións" masivas realizadas por delinquentes ambientais, hoxe en día é unha arma de destrución masiva da biodiversidade autóctona galega por depredación sobre numerosas especies de vertebrados e por competencia con outras (nomeadamente mustélicos: londra, donicela, tourón e armiño).

Por todo o anterior,

SOLICITA:

1. Que se abra un expediente sancionador contra Matomba Mink Farm, SL, Petrus Gerardus Raijmakers Lambertus e Marta María Blanco Vispo por incumprimento da Lei 21/2013 de avaliación ambiental e, tratándose dunha instalación tan perigosa para a biodiversidade, se lles imponha a máxima sanción posible por falta grave 240.400 euros.
2. Que se procede á clausura e precintado inmediatos de todas as naves que carecen dos preceptivos permisos legais.
3. Que, no caso de que os promotores intenten continuar coa tramitación do proxecto, se someta a avaliación de impacto ambiental e que o estudo correspondente avalíe con seriedade e rigor os efectos sobre todas as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Anexos IV e V da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e nos LICs máis próximos, e que poderían sufrir a depredación ou a competencia, por visóns fuxidos ou "ceibados".
4. Que, no caso de aprobarse o proxecto, se esixa á empresa promotora que:
 - a. Todos os animais reprodutores estean obrigatoriamente provistos dun collar con radiotransmisor que permita a súa localización, captura e erradicación en caso de que cheguen ao medio natural.
 - b. Todos os animais non reprodutores sexan esterilizados ao nacer ou estean provistos dun radiotransmisor como o indicado no punto anterior.
 - c. Contrate un seguro de responsabilidade civil para facer fronte a todos os gastos que as Administracións públicas teñan que efectuar para localizar, capturar e erradicar os visóns fuxidos ou "liberados" da granxa.

En Santiago de Compostela a 7 de decembro de 2016

Serafín González Prieto
Presidente SGHN

